

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Outros documentos, notificacións e informacións públicas*****BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DOS "I PREMIOS TURISMO SOSTIBLE PROVINCIA DE PONTEVEDRA"***

EXPEDIENTE	2022073850
ASUNTO	BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DOS "I PREMIOS TURISMO SOSTIBLE PROVINCIA DE PONTEVEDRA"
TRÁMITE	ANUNCIO

A deputada delegada en materia de turismo, mediante resolución presidencial RP 2023000005 de 2 de xaneiro de 2023 aprobou as seguintes bases:

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DOS "I PREMIOS TURISMO SOSTIBLE PROVINCIA DE PONTEVEDRA"

A Deputación de Pontevedra e, concretamente, o Servizo de Turismo Rías Baixas están facendo unha decidida aposta pola sustentabilidade turística. O destino debe impulsar modelos de crecemento sostibles e inclusivos aproveitando a revolución dixital (acelerada pola pandemia) e a consolidación dunha tendencia na demanda turística que busca consumos responsables, singulares e auténticos. Para conseguilo vaise impulsar un programa de concienciación que permita chegar ao maior número posible de entidades do sector privado e público, de tal maneira que entre todo o ecosistema turístico da provincia se constrúa un destino sostible alienado coa Axenda 2030.

Enmarcado no Plan Estratéxico de Turismo Rías Baixas 2021-2023 e concretamente para desenvolver a Acción Operativa 5 da Ficha nº. 5 do Eixe 1 "Promoción e Comunicación" que textualmente expón: 05 Convocatoria e entrega de premios a empresas e entidades turísticas pola posta en marcha de iniciativas sostibles e experiencias baseadas en valores locais. Ditos premios entregaranse na Gala Anual de Turismo Rías Baixas.

Sen dúbida, o turismo é un dos motores de desenvolvemento de maior relevancia sendo o sector que presenta uns chamativos índices de crecemento tanto en relación co número de turistas como pola súa contribución ao PIB de moitos países. Pero este crecemento atópase na encrucillada de levarse a cabo aplicando criterios de sostibilidade ou, polo contrario, contribuír a facer do noso planeta un lugar cada vez máis insostible. A implicación do sector turístico na consecución dos 17 ODS de Nacións Unidas pode desempeñar un importante papel para implicar ás novas xeracións nun escenario de sostibilidade que esixe a implicación e participación colectiva.



Con esta idea nacen os Premios Turismo Sostible Provincia de Pontevedra, baixo un enfoque de continuidade no tempo e cun obxectivo claro de incorporarse a outras accións e iniciativas que se alienen co obxectivo perseguido por Turismo Rías Baixas, que non é outro que avanzar na implementación de medidas concretas que melloren a oferta turística e a fagan máis competitiva, pero sempre dende un enfoque de sustentabilidade.

Estes premios terán carácter honorífico, carecendo de dotación económica, e serán concedidos mediante o procedemento de concorrência competitiva, de acordo con o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e no seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Desde o punto de vista competencial, a Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia, salienta a importancia de acadar e manter un sector turístico competitivo, de calidade e accesible, así como a transcendencia da implantación de medidas de promoción e fomento mediante a posta en valor dos recursos singulares de Galicia como medio para desestacionalizar a demanda, prevendo que estas medidas poidan reforzarse mediante a concesión de subvencións e axudas para aqueles colectivos que aposten pola modernización e mellora das actividades turísticas de Galicia.

No ámbito provincial, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e o artigo 118 d) a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Segundo o exposto, a Deputación de Pontevedra establece as presentes bases reguladoras da convocatoria pola que se rexen as solicitudes de participación na I Convocatoria dos premios turismo sostible provincia de Pontevedra, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, de acordo coas seguintes

BASES REGULADORAS

1.- OBXETO

Constitúe o obxecto destas bases aprobar e regular a convocatoria pola que se rexen as solicitudes de participación nos Premios Turismo Sostible Provincia de Pontevedra.



A participación e a concesión dos premios efectuarase en réxime de concorrència competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

2.- FINALIDADE

Ditos premios teñen o obxectivo de contribuír ao desenvolvemento do turismo sostible da provincia de Pontevedra e recoñecer as tres mellores propostas, concienciando desta maneira que un turismo sostible é posible.

Así mesmo, contribúen ao impulso de modelos sostibles no sector identificando entidades e profesionais que transformen e contribúan a mellorar a oferta turística na provincia. Ademais, os Premios Turismo Sostible dan resposta ás inquietudes do turista responsable e conciencian aos viaxeiros sobre o potencial de cambio e inclusión que supón facer turismo de maneira sostible.

Desta maneira con estes premios preténdese o seguinte:

- Recoñecer as actuacións de sustentabilidade destacables das empresas e entidades da provincia de Pontevedra, así coma a súa contribución ao desenvolvemento social e económico; e ao benestar, educación e cultura da sociedade.
- Distinguir as mellores actuación ligadas á sustentabilidade.
- Sensibilizar ao sector turístico e aos visitantes da necesidade das actuacións sostibles para así animar a perseverar nelas e para que sirvan de modelo e exemplo a seguir.
- Concienciar ás empresas, entidades e persoas da importancia de incidir nun cambio de actitudes Sociais dirixido a buscar unha maior cohesión social e territorial.
- Identificar actitudes e acción que poden servir de exemplo a seguir para o resto de empresas.
- Premiar a aquelas empresas e entidades vinculadas ao mundo do turismo que estean realizando boas prácticas neste ámbito.

3.- NATUREZA DOS PREMIOS, RECOÑECIMENTO E SUO DA IMAXE VINCULADA A ESTOS

A Deputación de Pontevedra e o Servizo de Turismo Rías Baixas, mediante esta convocatoria de “Premios Turismo Sostible Provincia de Pontevedra”, na súa primeira edición, outorgará tres recoñecementos públicos.

Os Premios teñen carácter honorífico, contribuíndo o seu outorgamento ao recoñecemento social e profesional da persoa ou entidade galardoada no sector turístico e, en consecuencia, carecen de dotación económica.



Os premios recoñecen o traballo e o esforzo realizados no período que abarca do 1 xaneiro de 2019 ao 31 de decembro de 2022, en favor do turismo sostible. Vai dirixido a profesionais, autónomos e entidades, tanto públicas como privadas, do sector turístico da provincia de Pontevedra.

Outorgaranse 3 premios cunha única categoría de “Premio Turismo Sostible Provincia de Pontevedra”:

- Primeiro premio
- Segundo premio
- Terceiro premio

Os premios, que serán obxecto de entrega pública no marco dos actos organizados pola Deputación de Pontevedra o día da gala de entrega de distintivos SICTED (Sistema integral de calidade turística española en destinos da Secretaría de Estado de Turismo do Goberno de España). Concederáse un diploma acreditativo, por parte da Deputación de Pontevedra aos premiados na “I Edición dos Premios Turismo Sostible Provincia de Pontevedra”.

A obtención do premio habilita ao premiado a usar a imaxe do mesmo mediante publicidade de tal condición en membretes, anuncios e memorias; así coma en calquera outro soporte de comunicación on e offline, mensaxes de correo electrónico, redes sociais ou en páxinas web propias, especificando a modalidade do premio obtido, así coma o ano da súa concesión. Aos efectos do dito neste parágrafo, Turismo Rías Baixas facilitará aos premiados a imaxe dos premios en formato dixital, así coma o manual de uso da mesma.

A Deputación de Pontevedra dará difusión das entidades premiadas, a través do portal web Turismo Rías Baixas, lugar onde se habilitará un espazo de recoñecemento e difusión das actuacións premiadas cada ano.

4.- ÁMBITO SUBXECTIVO

Poderán presentar solicitudes para participar neste procedemento todas as persoas xurídicas ou empresarios individuais que sexan titulares ou presten servizos turísticos, con sede social na provincia de Pontevedra ou que, como mínimo, realicen parte da súa actividade nela.

As persoas solicitantes deberán prestar servizos nalgunha das seguintes categorías:

1. Axencias de viaxes
2. Albergues
3. Aloxamentos rurais
4. Aluguer de vehículos e embarcacións
5. Aparcamentos turísticos



Xoves, 5 de xaneiro de 2023

Núm. 4

6. Artesáns
7. Atraque de cruceiros e ferries
8. Bares e cafeterías
9. Bodegas
10. Cámpings e áreas de auto caravanas
11. Campos de golf e campos de Pitch & Putt
12. Comercios
13. Convention Bureau
14. Escola de español para estranxeiros
15. Espazos para turismo de reunións
16. Espazos protexidos
17. Experiencias e talleres turísticos
18. Guías de turismo
19. Hoteis e apartamentos turísticos
20. Museos e centros de interese turístico visitable
21. Oficinas de información turística
22. OPC
23. Parques de ocio
24. Praias
25. Portos deportivos
26. Restaurantes e empresas turísticas de catering
27. Seguridade cidadán
28. Taxis
29. Transporte turístico
30. Turismo activo
31. Turismo de benestar
32. Turismo industrial
33. Vivendas de uso turístico



O período temporal no que se enmarcarán os proxectos ou prácticas a presentar abarca dende o 1 de xaneiro de 2019 ao 31 de decembro de 2022, por iso as evidencias documentais (como por exemplo facturas, certificados; etc.) deben estar datados en ese período.

5. LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 3 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Soamente se admitirá unha única solicitude por cada entidade solicitante.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

7. COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- NIF da persoa solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.
- Domicilio fiscal da entidade solicitante.
- Certificación de alta no censo de empresarios e profesionais, no seu caso.
- Certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e fronte á Seguridade Social.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.



8. DOCUMENTACIÓN

As entidades deberán achegar a solicitude de participación, dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), na que deberán completar a información relativa a actividade que realiza, así como a descrición dos proxectos en materia de sustentabilidade desenvoltos.

No caso de que a persoa solicitante sexa unha Administración Pública a prestadora do servizo, deberá achegar un documento da persoa titular da secretaría ou órgano competente no que certifique a titularidade do servizo.

As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade da información facilitada. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir información ou documentación adicional co obxecto de comprobar a información facilitada.

9. EMENDA DAS SOLICITUDES E TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E A SÚA EMENDA

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A sede electrónica ten a disposición unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles no seguinte enderezo web: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

10. NOTIFICACIÓNS

As notificacións de resolucións e outros actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



As notificacións practícaranse a través da “Carpeta Cidadá” e de “Dirección Electrónica Habilitada Única (DEHÚ)”. Ambos sistemas son accesibles desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta da disposición da notificación sen que se acceda a esta.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

11. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

A valoración das candidaturas presentadas realizarase mediante un procedemento de concorrencia competitiva, onde se terá en conta que estas contribúen a facer do turismo un catalizador de cambio positivo nos ámbitos da sustentabilidade.

Os criterios de valoración son os seguintes, sendo a puntuación máxima 100 puntos):

1. Economía circular e crecemento económico sostible (ata 10 puntos)

- a) Posta en marcha de 1 acción relacionada coa economía circular: 2 puntos
- b) Posta en marcha de 2 accións relacionadas coa economía circular: 4 puntos
- c) Posta en marcha de 3 accións relacionadas coa economía circular: 6 puntos
- d) Posta en marcha de 4 accións relacionadas coa economía circular: 8 puntos
- e) Posta en marcha de 5 accións relacionadas coa economía circular: 10 puntos

2. Fomento da mobilidade sostible (ata 10 puntos)

- a) Posta en marcha de 1 acción relacionada coa mobilidade sostible: 2,5 puntos
- b) Posta en marcha de 2 accións relacionadas coa mobilidade sostible: 5 puntos
- c) Posta en marcha de 3 accións relacionadas coa mobilidade sostible: 7,5 puntos
- d) Posta en marcha de 4 accións relacionadas coa mobilidade sostible: 10 puntos

3. Alienación da candidatura presentada cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). Como pode ser: fomentar o turismo responsable e respectuoso co destino entre turistas, empregados, provedores ou a comunidade local (por exemplo, mediante a difusión de códigos de condutas, a realización de accións de sensibilización, etc.). (ata 10 puntos)

- a) Alienación con 1 ODS: 2 puntos
- b) Alienación con 2 ODS: 4 puntos



Xoves, 5 de xaneiro de 2023

Núm. 4

- c) Alienación con 3 ODS: 6 puntos
- d) Alienación con 4 ODS: 8 puntos
- e) Alienación con 5 ODS: 10 puntos

4. Sobre a execución e resultados dos proxectos sostibles realizados, indicar as melloras obtidas trala implantación, cuantificándoas na medida do posible. Como pode ser: a existencia de máis de cinco boas prácticas ambientais definidas e documentadas, coñecidas por todos os traballadores e aplicadas con carácter xeral; etc. (ata 10 puntos)

- a) 1 mellora obtida e a súa cuantificación: 2 puntos
- b) 2 melloras obtidas e a súa cuantificación: 4 puntos
- c) 3 melloras obtidas e a súa cuantificación: 6 puntos
- d) 4 melloras obtidas e a súa cuantificación: 8 puntos
- e) 5 melloras obtidas e a súa cuantificación: 10 puntos

5. Carácter innovador da entidade. (ata 5 puntos)

- a) 1 acción de innovación implantada: 1,5 puntos
- b) 2 accións de innovación implantadas: 3 puntos
- c) 3 accións de innovación implantadas: 5 puntos

6. Accións de comunicación levadas a cabo para fomentar o turismo sostible e responsable entre turistas, empregados, provedores e/ou comunidade local: Como pode ser: dispoñer dun sistema de información e sensibilización aos clientes/turistas sobre as boas prácticas de sustentabilidade da entidade solicitando a súa colaboración para aplicar ditas boas prácticas sempre que sexa posible; dispoñer dun sistema de información e sensibilización para os clientes/turistas sobre boas prácticas de sustentabilidade por parte de estes durante a súa estancia no destino; o uso de criterios medioambientais nas compras (por exemplo a utilización de produtos químicos con etiqueta verde ou biodegradables, primar a compra de envases de cristal, cartón ou materiais reciclables, así como realizar compras a provedores locais); informar ao cliente/turista sobre as boas prácticas ambientais que aplica e na medida en que sexa viable, esta información estará en lugar visible (panel, folletos carpetas, páxina web, RRSS...); etc. (ata 5 puntos)

- a) 1 acción de comunicación levada a cabo: 1,5 puntos
- b) 2 accións de comunicación levadas a cabo: 3 puntos
- c) 3 accións de comunicación levadas a cabo: 5 puntos



Xoves, 5 de xaneiro de 2023

Núm. 4

7. Formación en materia de sustentabilidade. Como pode ser: a participación en campañas de formación e información en materia de sustentabilidade; etc. (ata 10 puntos)

- a) 1 acción de formación: 2 puntos
- b) 2 accións de formación: 4 puntos
- c) 3 accións de formación: 6 puntos
- d) 4 accións de formación: 8 puntos
- e) 5 accións de formación: 10 puntos

8. Colaboración e/ou participación en actividades/proxectos que se organicen a nivel local, provincial e/ou autonómico, en materia de sustentabilidade, por parte da administración pública ou entidades público-privado. (ata 10 puntos)

- a) 1 colaboración e/ou participación: 2 puntos
- b) 2 colaboracións e/ou participacións: 4 puntos
- c) 3 colaboracións e/ou participacións: 6 puntos
- d) 4 colaboracións e/ou participacións: 8 puntos
- e) 5 colaboracións e/ou participacións: 10 puntos

9. Emprego e fomento de recursos locais na oferta de produtos/servizos. Como pode ser: emprego de recursos locais na oferta de produtos e servizos contando con provedores locais; a demostración de que se fomenta o comercio e/ou a artesanía local informando ao cliente sobre a oferta existente no destino; etc. (ata 10 puntos)

- a) 1 acción de emprego e fomento de recursos locais na oferta de produtos/servizos: 2 puntos
- b) 2 accións de emprego e fomento de recursos locais na oferta de produtos/servizos: 4 puntos
- c) 3 accións de emprego e fomento de recursos locais na oferta de produtos/servizos: 6 puntos
- d) 4 accións de emprego e fomento de recursos locais na oferta de produtos/servizos: 8 puntos
- e) 5 accións de emprego e fomento de recursos locais na oferta de produtos/servizos: 10 puntos

10. Sistema de aforro ou mellora eficiente (auga, enerxía, xestión de residuos) cos que conta a entidade turística. Como poden ser: contar con sistemas de enerxía renovable nas instalacións ou contratación de empresas subministradoras de enerxía xerada por enerxías renovables; haber posto en práctica medidas de mellora da eficiencia enerxética; haber posto en práctica medidas de mellora do uso de recursos hídricos; contar con algún sistema de control de consumos de



Xoves, 5 de xaneiro de 2023

Núm. 4

auga e enerxía con rexistro de datos e indicadores de seguimento; instalación de dispositivos de aforro ou mellora eficiente de auga ou enerxía; dispoñer dun sistema de clasificación, separación, segregación e reciclaxe de residuos adecuado fomentando esta boa práctica entre os turistas; ter establecidos indicadores relacionados co seu comportamento ambiental (por exemplo: indicadores de consumos (auga, electricidade, gas, etc.), de xeración de residuos, etc.); identificación dos principais impactos ambientais cuantificándoos, valorándoos e establecendo medidas para minimizalos); etc. (ata 10 puntos)

- a) 1 sistema de aforro ou mellora eficiente (auga, enerxía, xestión de residuos): 2 puntos
- b) 2 sistemas de aforro ou melloras eficientes (auga, enerxía, xestión de residuos): 4 puntos
- c) 3 sistemas ou melloras eficientes (auga, enerxía, xestión de residuos): 6 puntos
- d) 4 sistemas ou melloras eficientes (auga, enerxía, xestión de residuos): 8 puntos
- e) 5 sistemas ou melloras eficientes (auga, enerxía, xestión de residuos): 10 puntos

11. Dispoñer dun certificado ou distintivo en materia ambiental ou de sustentabilidade en vigor. Como poden ser: ISO 14001, Carta de Turismo Sostible, Distintivo S; etc. (ata 10 puntos)

- a) 1 certificado ou distintivo en vigor: 2,5 puntos.
- b) 2 certificados ou distintivos en vigor: 5 puntos.
- c) 3 certificados ou distintivos en vigor: 7,5 puntos.
- d) 4 certificados ou distintivos en vigor: 10 puntos.

A comisión de valoración emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

En caso de empate, terán preferencia as solicitudes que acadasen maior puntuación no seguintes apartados anteriores:

3. Alienación cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da candidatura presentada.

10. Sistema de aforro ou mellora eficiente (auga, enerxía, xestión de residuos) cos que conta a entidade turística.

En caso de persistir, procederase ao desempate mediante sorteo.

12. INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

A instrución do procedemento corresponde ao Servizo de Turismo, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución. As actividades de instrución comprenderán:

- a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



b) Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme cos criterios de valoración.

Unha vez avaliadas as solicitudes, a comisión de valoración emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

A comisión de valoración é un órgano Colexiado composto polos seguintes membros:

<i>Presidenta</i>	<i>A deputada delegada en materia de Turismo</i>
<i>Vogais</i>	<i>1.Técnico/a de Turismo</i> <i>2.Técnico/a de Turismo</i> <i>3.Técnico/a de Turismo</i> <i>4.Técnico/a de Turismo</i>
<i>Secretario/a</i>	<i>Xefa do Servizo de Turismo</i>

A resolución do procedemento corresponde á Presidencia da Deputación de Pontevedra. O prazo máximo para resolver e notificarlles ás persoas interesadas a resolución do procedemento é de tres meses a contar dende a publicación da presente convocatoria. Transcorrido este prazo sen notificarse a resolución aos interesados, entenderase desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución anunciarase durante a Gala de Turismo que organice a Deputación de Pontevedra no ano 2023 e publicarse despois de dita Gala.

A resolución publicarse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e surtirá os efectos da notificación, de acordo co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A resolución pon fin á vía administrativa. Contra ela, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo elo sen prexuízo de que poidan interpor calquera outro recurso que estimen conveniente.



13. DEREITOS DAS PERSOAS PREMIADAS

A obtención do premio habilita ao premiado a usar a imaxe do mesmo mediante publicidade de tal condición en membretes, anuncios e memorias; así coma en calquera outro soporte de comunicación on e offline, mensaxes de correo electrónico, redes sociais ou en páxinas web propias, especificando a modalidade do premio obtido, así coma o ano da súa concesión. Aos efectos do dito neste párrafo, Turismo Rías Baixas facilitará aos premiados a imaxe dos premios en formato dixital, así coma o manual de uso da mesma. Desta maneira:

- Os premiados utilizarán a imaxe do premio segundo o indicado no manual de uso da mesma.
- Os premiados poderán publicar dita condición nos medios que estimen, garantindo o uso adecuado da imaxe do premio; do contrario, serán responsables dos danos e prexuízos causados á Deputación de Pontevedra.

14. PUBLICIDADE

Estas bases reguladoras e a resolución do procedemento publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

15. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable” dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Informámoslles que antes e durante o evento de entrega dos premios a Deputación de Pontevedra realizará fotografías e gravará imaxes que serán recollidas por esta administración. A publicación e uso dos seus datos e imaxes serán utilizadas durante o desenrolo do evento e en comunicacións posteriores a través da páxina web de Turismo Rías Baixas e outros medios dixitais.



Xoves, 5 de xaneiro de 2023

Núm. 4

Esta información pode ser facilitada a entidades colaboradoras e patrocinadoras como consecuencia da xestión operativa dos premios.

Os servizos turísticos premiados consenten automaticamente, ao aceptar o premio, a utilización por parte de Turismo Rías Baixas y dos seus colaboradores da súa imaxe persoal e corporativa, xunto co seu nome completo en calquera tipo de publicidade, promoción, publicación o ou outro medio de difusión, da natureza que fose, con fins comerciais, informativos ou promocionais, sempre que exista relación cos Premios Turismo Sostible Provincia de Pontevedra.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en:

<https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QFAJ41LT1XRGS18I

